



CONCELLO DA PONTENOVA

C.I.F. P-2704800 H – N.R.E.L. 01270484

BANDO

DON DARIO CAMPOS ONDE, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE A PONTENOVA,

FAI SABER:

Que no D.O.G. Núm. 58 do martes 24 de marzo de 2020 publicouse a Orde do 23 de marzo de 2020, da Consellería do Medio Rural, relativa á venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou este martes unha orde da Consellería de Medio Rural que fixa, entre outras cuestións, os criterios para facilitar a mobilidade dos agricultores.

De tal forma, terá consideración de agricultor profesional, a tempo completo ou parcial, aquel que estea de alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga). Así, os axentes da autoridade poderán dirixirse a ese rexistro para efectuar a comprobación oportuna.

No tocante ás persoas con **cultivos de autoconsumo**, con fins non comerciais, poderán facer os **desprazamentos imprescindibles a condición de que non supoñan unha distancia superior aos 500 metros da súa vivenda habitual**. Ademais, **non poderá haber máis de dúas persoas na parcela e deberán manter as distancias de seguridade**.

SITUACIÓN DE MERCADOS

Respecto dos mercados tradicionais agrogandeiros en concellos, están prohibidos ata o 31 de marzo. A partir desa data, a decisión sobre se seguen pechados ou se renovan publicarase na web de Medio Rural.

Mentres, **foméntase a venda de produtos agrícolas e gandeiros a través de vía telefónica e en liña, servidos polo produtor no domicilio do consumidor**.

No momento no que se levante a prohibición dos mercados, limitaranse unicamente a produtos agrícolas e gandeiros, con diferentes medidas de separación e distancia mínima. Tamén se recomendará pór a disposición dos clientes luvas desbotables e xel desinfectante.

A Pontenova, 24 de marzo de 2020

O alcalde

Darío Campos Conde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

